



COMITE TECNICO
R/Campo de Chao s/n
15405 FERROL
Fax: 981320853
Móbil: 616011951
Web: www.fgtm.es
E-Mail: tecnico.fgtm@gmail.com
manolo.fernandez.tm@hotmail.com
CIF: V15149453



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

NORMATIVA DA CLASIFICACIÓN OFICIAL (RANKING) GALEGA DE XOGADOR@S DE TENIS DE MESA

Limiar

O Comité de Rankings da FGTM acordou o pasado 30 de xullo modificar o procedemento para determinar o ranking de xogadores e xogadoras.

O sistema vixente até a tempada 2012/13 que agora remata, implicaba a existencia de 18 clasificacións, unha por categoría, e os puntos que se acadaban para as citadas clasificacións, asignábanse en función do posto acadado na proba en disputa. Ésta puntuación tiña vixencia por un tempo de aproximadamente un ano, até que era substituída pola puntuación obtida nesa mesma proba, pero do ano seguinte.

Éste sistema tiña as súas vantaxes e tamén os seus inconvenientes, e que non se lograron solventar, a pesar dos cambios que se foron facendo ao longo dos anos que se estivo a usar.

Novo sistema

Por todo iso o Comité de Rankings, despois dun ano facendo un estudo doutros sistemas de puntuación, e sobre todo a proposta feita por José Ramón Fernández Cora, baseado no "sistema de puntuación ELO", empregado pola FIDE (Federación Internacional de Xadrez), e adaptado ás nosas competicións, decide apostar polo mesmo.

Con este sistema os puntos acadaranse partido a partido, é dicir, o resultado de cada un dos partidos será puntuado de xeito diferente dependendo das posicións que tivese cada xogador na clasificación antes da competición.

Outra diferenza importante é que existirá unha única lista na que se inclúen tanto xogadores como xogadoras e por suposto independentemente da súa idade, e para coñecer a clasificación dunha idade ou categoría, masculina, feminina e/ou mixta, non haberá máis que filtrar a clasificación xeral.

De seguido explícase, de xeito simple, o sistema e o proceso de elaboración dunha soa clasificación e a asignación das puntuacións iniciais.

Puntuacións iniciais

- Iniciarase cunha clasificación coa mesma orde que o ranking absoluto final da tempada 2012-13, dando un coeficiente corrector de 0,5 á categoría feminina para poder incorporala á nova e única clasificación xeral.
- Os xogadores e xogadoras das categorías inferiores que non figuraban na clasificación absoluta pero que si estaban nas das categorías inferiores ou nas de veteranos, engadíronse á clasificación xeral, aplicando un coeficiente corrector.
- Xa ordenada a clasificación xeral, con estas puntuacións, estableceuse os puntos de cada xogador en base aos seguintes criterios:
 - Comezando con 2000 puntos para o número 1 da clasificación, e descontando 5 puntos até o 10º clasificado.





COMITE TECNICO
R/Campo de Chao s/n
15405 FERROL
Fax: 981320853
Móbil: 616011951
Web: www.fgtm.es
E-Mail: tecnico.fgtm@gmail.com
manolo.fernandez.tm@hotmail.com
CIF: V15149453



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

- Do 11º até o 25º, as diferenzas van de catro puntos.
- Do 26º até o 45º, as diferenzas van de tres puntos.
- Do 46º até o final, as diferenzas van de dous puntos.
- A primeira clasificación inclúe só a aqueles que figuren nalgúnha das 18 clasificacións anteriores.

Incorporación de xogadores e xogadoras á clasificación

- Na primeira participación o Comité de Rankings establecerá, provisionalmente, para cada xogador ou xogadora en cuestión unha puntuación inferior ao último xogador ou xogadora clasificados, tendo en conta o seu nivel de xogo e categoría.
- Unha vez disputada a súa primeira competición e se a puntuación provisional non fora acorde ao seu nivel, o Comité asignaralle a puntuación definitiva en función dos resultados obtidos nesa primeira competición.
- Considerarase que a avaliación inicial do xogador ou xogadora ficara curta, cando nesa competición inicial acadara máis de 100 puntos.

Movements na clasificación

- As puntuacións da clasificación moveranse en función da diferenza de puntuación entre os xogadores e xogadoras que se enfronten, de tal xeito que cando un xogador gaña a outro que ten máis puntuación na clasificación, sumará máis puntos que se gañase a un xogador ou xogadora que ten menos, segundo a diferenza existente entre ambos dous.
- A fórmula empregada para o cálculo é a seguinte:

$$E_A = \frac{1}{1 + 10^{(R_B - R_A)/400}}$$

$$E_B = \frac{1}{1 + 10^{(R_A - R_B)/400}}$$

Sendo:

Ea.- Probabilidade de gañar do xogador A.

Eb.- Probabilidade de gañar do xogador B.

Ra.- Puntuación do xogador A.

Rb.- Puntuación do xogador B.

- Unha vez calculadas as probabilidades, aplicarase a seguinte fórmula:


Puntuación se gaña A = K * (1 - E_A)

Puntuación se perde A = K * (0 - E_A)

E o mesmo para o xogador ou xogadora B

Sendo en principio e para ver como vai evolucionando o ranking, K=50, constante que se revisaría máis adiante se fose preciso.





COMITE TECNICO
R/Campo de Chao s/n
15405 FERROL
Fax: 981320853
Móbil: 616011951
Web: www.fgtm.es
E-Mail: tecnico.fgtm@gmail.com
manolo.fernandez.tm@hotmail.com
CIF: V15149453



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral para o Deporte

- Á suma das puntuacións obtidas dos enfrontamentos, máis a última puntuación da clasificación, sumaranselles 20 puntos por participación en cada Campionato Galego, ou torneo do Circuito.

Exemplo:

O xogador@ A, ten 1500 puntos e o xogador@ B ten 1800 puntos

$E_a=0,15$ $E_b=0,85$

Puntuación se gaña A = $50 * (1 - 0,15) = 50 * 0,85 = 42$ puntos

Neste caso o xogador@ B perde 42 puntos

Puntuación se perde A = $50 * (0 - 0,15) = 50 * (-0,15) = - 8$ puntos

Neste caso o xogador@ B gaña 8 puntos

Supoñamos que o xogador@ A, que ten 1500 puntos, xoga na Competición dous partidos contra dous xogador@s que teñen 1800 puntos cada un e o resultado é que gaña un e perde outro.

A nova puntuación de A sería:

$1500 + 42 - 8 + 20$ (por participación) = 1554 puntos.

Sancións

As sancións por incomparecencia non xustificada, significarán a perda automática de 100 puntos na clasificación.

Ferrol a 8 de agosto de 2013.

O Comité de Rankings,

José Ramón Fernández Cora

Alberto Puga Trigas

Manuel Fernández Lorenzo